



Resolución do 17 de decembro de 2025 da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica pola que se convoca o procedemento de concorrencia para a elección da entidade colaboradora para a xestión da axuda económica ás familias con fillas e fillos nados, adoptados ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente no ano 2026, así como para aquelas mulleres que no ano 2026 se atopen na semana 21 ou posterior de xestación a través da Tarxeta Benvida.

A Consellería de Política Social e Igualdade vai proceder mediante convocatoria pública á concesión dunha axuda económica ás familias con fillas ou fillos nados/as no 2026, ou que teñan constituída unha adopción, sexan declaradas en situación de garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente no ano 2026, así como para aquelas mulleres que no ano 2026 se atopen na semana 21 ou posterior de xestación. Tamén poderán beneficiarse da axuda as galegas e galegos e os seus descendentes que se atopen en calquera dos supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2026.

Con carácter xeral, a contía da axuda é de 1.200,00 € durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla, ou ata que se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente. No suposto de que o fillo ou filla que dá dereito á axuda sexa o terceiro/a ou sucesivo/a da unidade familiar a contía da axuda será de 2.400,00 €.

A contía das axudas increméntase nun 25% para as familias con residencia en concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes.

Aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000,00 € terán dereito a axuda no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente. Excepcionalmente, a axuda poderá ampliarse ata un ano máis no suposto de unidade familiar en situación de especial vulnerabilidade nos termos establecidos na convocatoria.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamilia.politicassocial@xunta.gal
www.xunta.gal www.xunta.gal





A axuda farase efectiva a través da Tarxeta Benvida, a cal só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, ópticas, librarías, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé a posibilidade de contar con entidades colaboradoras no procedemento de xestión de axudas públicas. Neste sentido o seu artigo 9 establece que será entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entregue e distribúa os fondos públicos ás persoas beneficiarias cando así se estableza nunhas bases reguladoras, ou colabore na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.

Igualmente establece no artigo 13.4 que cando as entidades colaboradoras sexan persoas suxeitas a dereito privado, seleccionaranse previamente mediante un procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e a colaboración formalizarase mediante convenio, salvo que polo obxecto da colaboración resulte de aplicación plena a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Tendo en conta que o obxecto da colaboración definido nesta resolución non supón, a cargo da Administración, unha contraprestación directa a favor da entidade colaboradora, o obxecto da colaboración pretendida non entra dentro dos obxectos propios regulados na Lei de contratos do sector público. Por iso, de acordo co citado artigo 13.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, resulta suficiente para a elección da entidade, a convocatoria e tramitación dun procedemento sometido aos principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación que se entende convocado por esta resolución.

1. Convócase o procedemento para a selección da entidade colaboradora para a xestión da axuda económica que se fará efectiva a través da Tarxeta Benvida e a entrega a través dela de fondos ás familias beneficiarias da axuda, de acordo coas instrucións que proporcione a Consellería de Política Social e Igualdade de conformidade coas resolucións de concesión ditadas ao abeiro das correspondentes bases reguladoras da subvención.

A entidade colaboradora actuará en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa xestión desta axuda.





O modelo de solicitude de participación nesta convocatoria e o convenio que se subscribirá atópanse a disposición das persoas interesadas na web da Consellería de Política Social e Igualdade <http://benestar.xunta.es/> e nas dependencias da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15701 Santiago de Compostela.

2. O obxecto da colaboración é a xestión da axuda económica a través da Tarxeta Benvida, que consiste na posta a disposición das familias galegas que no ano 2026 teñan un fillo ou filla, constitúan unha adopción ou sexan declarados en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar permanente dun ou máis nenos/as, e sexan beneficiarias dela de acordo coa correspondente orde de axudas. A Tarxeta Benvida é unha tarxeta prepago cargada con carácter xeral cun total de 1.200,00 € durante o primeiro ano de vida no suposto do nacemento dun fillo ou filla, ou cando se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. No suposto de que o fillo ou filla que dá dereito á axuda sexa o terceiro/a ou sucesivo/a da unidade familiar a contía da axuda será de 2.400,00 €.

A contía das axudas incrementase nun 25% para as familias con residencia en concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes.

O importe da axuda farase efectivo do seguinte xeito:

- a) Ano 2026: un único pagamento coa contía que corresponda en función do mes de nacemento, ou de ser o caso do ditado da resolución de adopción ou garda con fins adoptivos e ata o mes de decembro, incluído.
- b) Ano 2027: un único pagamento coa contía que corresponda desde xaneiro e ata o mes anterior ao que o neno ou nena cumpra un ano ou ata o mes anterior a que se cumpra un ano do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos.

Aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000,00 € terán dereito a axuda no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos ou acollemento familiar permanente, nas seguintes contías:

- a) 600,00 €/ano se o fillo/a que dá dereito á axuda é o primeiro.
- b) 1.200,00 €/ano, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o segundo.
- c) 2.400,00 €/ano, se o fillo/a que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos.





Esta ampliación aboarase en pagamentos anuais sucesivos co importe que corresponda ata o mes de decembro do exercicio en curso en función do mes de nacemento, ou do ditado da resolución de adopción ou garda con fins adoptivos do fillo ou filla polo que se concedeu a axuda.

Excepcionalmente, a axuda poderá ampliarse ata un ano máis no suposto de unidade familiar en situación de especial vulnerabilidade nos termos establecidos na convocatoria.

Para estes efectos subscribirase o oportuno convenio de colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade conforme ao modelo tipo dispoñible na web.

3. Poderán participar neste procedemento as entidades bancarias que teñan plena capacidade de obrar e cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter oficinas comerciais abertas, cando menos, nos concellos de máis de 20.000 habitantes das catro provincias galegas
- b) Ter colaborado na xestión financeira da Xunta de Galicia nos últimos dous anos

4. O prazo de duración da colaboración estenderase dende o momento da sinatura do correspondente convenio ata o 31 de decembro de 2030.

5. As obrigas da entidade colaboradora son as que se recollen a continuación:

- Ter habilitado o procedemento operativo para facer efectiva a axuda ás familias beneficiarias na primeira quincena de xaneiro de 2026.
- Facilitar un soporte de tarxeta financeira interoperativa en calquera establecemento de farmacia, parafarmacia, óptica, librería, supermercado, tenda de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia e que permita instrumentar os abonos anuais da subvención.
- Permitir que todas as persoas que lle comunique a Xunta de Galicia sexan titulares das correspondentes tarxetas sen ningún requisito a maiores e con independencia de que sexan ou non clientes/as da entidade.
- Habilitar un proceso de solicitude e recarga das tarxetas que permita á Xunta de Galicia ordenar a súa emisión e, cando corresponda, as sucesivas





recargas mediante un sistema automatizado de envío/recepción de ficheiros.

- Contemplan un deseño físico da tarxeta acorde cos requirimentos de imaxe que a Xunta de Galicia defina.
- Habilitar a entrega de tarxetas e documentación anexa no punto físico que determine a Xunta de Galicia, coa gráfica e contido que esta última decida e respectando a orde indicada nos ficheiros de solicitude.
- Permitir unha parametrización de comercios/sectores de actividade nos que se admite a operatividade da tarxeta con independencia da entidade financeira coa que os establecementos comerciais teñan contratado o seu servizo de pagos.
- Habilitar un sistema seguro de activación de tarxetas válido para todas as persoas beneficiarias da subvención, con máis dunha canle de acceso.
- Facilitar canles que permitan ás persoas titulares da tarxeta acceder á consulta dos movementos e do saldo remanente nela en cada momento.
- Habilitar á Xunta de Galicia para que esta poida recuperar os fondos residuais das tarxetas cando proceda en cumprimento das bases reguladoras da subvención.
- Observar estritamente todas as obrigas e deberes que establece a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mantendo a xestión das bases de datos das persoas titulares das tarxetas á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira non podendo utilizalas para ningún fin distinto da propia administración e xestión da tarxeta.
- Cumprir cos requisitos e obrigas impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente co disposto nos artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

6. Non se establece remuneración económica ningunha a favor da entidade seleccionada.

7. Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación deste procedemento de selección son os seguintes:





- a) Proposta técnica (ata 70 puntos): A proposta da entidade recollerase nun documento técnico que recolla coa amplitude e detalle precisos todos os elementos necesarios para a articulación da colaboración solicitada.
- b) Memoria xustificativa do número e cobertura das canles habilitadas para facilitar ás persoas usuarias tanto a utilización das súas tarxetas (con especial incidencia respecto do número de oficinas comerciais, caixeiros automáticos e TPV instalados, así como a súa distribución ao longo dos diferentes concellos galegos) como o acceso á información relativa a elas (ata 30 puntos).

8. As entidades bancarias interesadas en participar nesta concorrência deberán formular solicitude no prazo máximo de oito días naturais que se contarán a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

A solicitude axustarase ao modelo que se atopa na web da Consellería de Política Social e Igualdade e irá dirixida á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Consellería de Política Social e Igualdade, Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15701 Santiago de Compostela. Presentarase no Rexistro Xeral Electrónico da Xunta de Galicia, dirixido á Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia:

-Escritura de constitución/modificación.

-Poderes acreditativos da representación da persoa que asina a solicitude de participación

-Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar do artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

-Certificación actualizada de estar ao corrente coas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

-Declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos no apartado terceiro, sen prexuízo da súa verificación ou acreditación posterior.

-Proposta técnica, memoria e toda a documentación que a xuízo da entidade permita á Administración valorar a solicitude conforme aos criterios obxectivos fixados no apartado sétimo.





A presentación da solicitude deberá ser comunicada ao correo electrónico dxfamilia.politicasocial@xunta.gal dentro do prazo establecido no parágrafo primeiro deste apartado, indicando no asunto "procedemento entidade colaboradora Tarxeta Benvida".

9. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes estas serán analizadas e o procedemento resolto pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo Rey Sastre

